

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CABANAS

*Convocatoria elección xuíz de paz titular*

### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 302/2021, de data 7 de abril de 2021, procedeuse á aprobación da convocatoria para a elección de xuíz de paz titular do Concello de Cabanas, segundo as bases que a continuación se relacionan:

- 1.- Obxecto da convocatoria: Elección de Xuíz de paz titular deste municipio.
- 2.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Cabanas, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 3.- Requisitos dos aspirantes: Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados/as en dereito, reúnan os seguintes requisitos:
  - A) Ser español/a
  - B) Ser maior de idade.
  - C) Non estar incurso/a en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder xudicial.
  - D) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do Poder xudicial.
- 4.- Documentación a achegar coa solicitude:
  - A) Fotocopia autenticada do Documento nacional de identidade.
  - B) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá, de non estar inculcado ou procesado.
  - C) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
  - D) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
  - E) Xustificación de méritos que alegue a persoa interesada e declaración de profesión actual.
- 5.- Elección e nomeamento: As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello, na primeira sesión que celebre, para a elección da persoa idónea de entre as interesadas, co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

Cabanas, 7 de abril de 2021

O alcalde,

Carlos Ladra Brage

2021/2771